

Orzamentos Xunta de Galiza 2015.



Gabinete técnico Confederal.

ORZAMENTOS XUNTA DE GALICIA 2015

Logo de máis dun lustro inmersos nunha crise económica con graves efectos económicos e sociais, atopámonos antes uns novos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2015, os que podemos calificar como continuistas; moi semellantes ós de anos anteriores tanto nas cantidades como na política que se desprende dos mesmos.

O orzamento para 2014 incrementaranse logo de catro anos de descensos (incremento que esta sendo absorbido integramente en amortización da débeda e pago de xuros derivados da mesma), os do ano 2015 volven a senda dos recortes.

No que atinxe as cantidades, son 9.790 millóns os previstos gastar polo goberno da xunta durante o ano 2015, un 4,8% menos que o orzamentado para o ano 2014; evidentemente esta contía ten en conta as operacións financeiras, é dicir o pago da débeda. Durante o ano 2015 prevese amortizar 1.355 millóns de euros de débeda, un 28.3% menos que durante o ano 2014; esta redución da amortización da débeda con respecto ó ano anterior é o que explica a redución, globalmente, dos orzamentos, xa que de non ter en conta este capítulo, e tan so tendo en conta das operacións non financeiras, o orzamento previsto medra un 0,5% ata os 8.435 millóns, un leve incremento de 45 millóns de euros. Incremento en termos nominais, xa que a inflación prevista é do 0,6%, e polo tanto o gasto redúcese en termos reais.

Se ademais temos en conta que as transferencias correntes (do estado español ou Unión Europea), se incrementan nun 11%, o esforzo da xunta de Galicia é inexistente; continúa coa política de recortes.

Semellante o do ano anterior nas cantidades e tamén nas políticas, nin nos atopamos cun orzamento expansivo nin con políticas que impulsen o crecemento económico e melloren a protección social da cidadanía. Pero a pesar disto, o goberno prevé que o PIB galego vai incrementarse un 2% durante o próximo ano; escenario de difícil credibilidade.

O escenario macroeconómico sobre no que se sustenta o orzamento é o seguinte:

Cadro macroeconómico

	2014	2015
Gasto en consumo final	0,4	0,9
Consumo fogares	0,2	0,9
Consumo AAPP	0,8	0,8
Formación bruta de capital	-0,8	1,5
Achega demanda interna ¹	0,2	1,0
Exportacións	3,9	6,6
Importacións	2,6	4,9
Achega sector exterior	0,7	1,0
Produto Interior Bruto	0,9	2,0
Emprego	-0,6	0,9
Taxa de paro ²	21,7	20,1

Fonte: proxecto de orzamentos 2015.

A pesar deste leve incremento do gasto non financeiro nos orzamentos (0,5%), estiman un incremento do PIB do 2% para o ano 2015, presentase como o ano da recuperación, recuperación que se sustenta única e exclusivamente na reforma fiscal aprobada polo goberno central e que entra en vigor no ano 2015 e na mellora da demanda externa. Non hai outra novidade.

Unha reforma fiscal regresiva, que no mellor dos casos vai incrementar a liquidez dos de maiores ingresos, por si sola, vai sustentar a recuperación económica. Que fácil é gobernar.

Isto no que atinxe a demanda interna, a cal estiman que contribúa nun punto o crecemento do PIB; o outro punto vai achegalo a demanda externa, sobre todo polo importante incremento das exportacións, prevese un incremento das mesmas no 6,6% durante 2015.

Nin o incremento da demanda interna, sustentado na reforma fiscal; nin o da demanda externa sustentado nas exportacións, nun contexto de forte inestabilidade política internacional e con estancamento ou recesión na Unión Europea, o noso principal socio comercial, dan credibilidade a este escenario macroeconómico.

A aposta pola creación de emprego é menos ambiciosa, a previsión é dun incremento do 0,9%, en torno ós 10.000 postos de traballo

, no mellor dos casos, no ano da “recuperación”. Deprimente.

¹ Contribución en puntos porcentuais.

² % de poboación activa.

A este escenario, como dixemos anteriormente a xunta vai contribuir con 9.790 millóns de euros. Cuxos ingresos se distribuen como segue.

Ingresos do orzamento consolidado. Distribución económica.

Capítulos	2014	2015	Variación 15/14	
			absoluta	Relativa
I. Impostos directos	1.937,00	2.020,00	83,00	4,3
II. Impostos indirectos	3.133,00	3.118,00	-15,00	-0,5
III. Taxas, prezos e outros ingresos	166	177	11,00	6,6
IV. Transferencias correntes	1.953,00	2.168,00	215,00	11,0
V. Ingresos patrimoniais	24,00	18,00	-6,00	-25,0
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	7.214,00	7.501,00	287,00	4,0
VI. Alleamento de investimentos reais	13,00	10,00	-3,00	-23,1
VII Transferencias de capital	528,00	564,00	36,00	6,8
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	7.755,00	8.076,00	321,00	4,1
VIII. Activos financeiros	20,00	14,00	-6,00	-30,0
IX. Pasivos financeiros	2.507,00	1.700,00	-807,00	-32,2
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	2.527,00	1.714,00	-813,00	-32,2
TOTAL INGRESOS	10.281,00	9.790,00	-491,00	-4,8

Fonte: proxecto de orzamentos 2015.

Son os ingresos non financeiros os que se prevé que medren durante o ano 2015, concretamente un 4,1%; a maior contribución a este incremento vén do aumento dos transferencias, xa que se prevé que as transferencias correntes medren un 11%.

A recadación a través de impostos directos tamén se prevé que aumento ó longo de 2015, concretamente nun 4,3%, segundo o goberno da Xunta é a maior recadación a través do IRPF (polo aumento da ocupación así como liquidacións de exercicios anteriores), xunto co imposto sobre patrimonio e o novo impostos sobre depósitos nas entidades de creto (17 millóns de euros), os que explican este medre.

A pesar do medre da recadación a través de impostos directos, e da redución a través de impostos indirectos, estes últimos sequen superando amplamente ós primeiros; para o ano 2015 prevese unha redución do 0,5% da recadación destes tributos acadando os 3.118 millóns de euros. A redución de ingresos deste capítulo débese a caída da recadación a través de impostos especiais (especialmente tabaco), e sobre actos xurídicos documentados. No que atinxe o IVE mantense a previsión de recadación.

Comentar neste apartado que se ben nos orzamentos se contempla a introdución dun novo imposto: Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro que entra en vigor o 1 de xaneiro do ano próximo pero o seu devengo non se produce ata o 31 de decembro, polo que non se orzamentan ingresos a través do mesmo.

No incremento das transferencias correntes, o que maior peso ten é o aumento na participación no sistema de financiamento estatal (11%). Dentro deste capítulo está incluído a transferencia da Iniciativa de Emprego Xuvenil, polo que se preve recibir 20 millóns de euros tan so.

No que atinxe os ingresos financeiros, estes redúcense un 32% con respecto ó ano 2014 polo menor incremento, a priori, do endebedamento previsto para 2015. Son 1.700 millóns de euros os que a Xunta de Galicia preve emitir como débeda no próximo ano (808 menos que no ano 2014); deles, 1.208 millóns destínanse a amortizar débeda anterior o resto para operacións non financeiras.

Os gastos distribúense como segue:

Gastos do orzamento consolidado.

Capítulo	2014	2015	variación	
			Absoluta	%
I. Gastos de persoal	3.367,00	3.382,00	15,00	0,4
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.364,00	1.388,00	24,00	1,8
III. Gastos financeiros	352	336	-16,00	-4,5
IV. Transferencias correntes	1.941,00	1.960,00	19,00	1,0
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.024,00	7.066,00	42,00	0,6
V. Fondo de continxencia	105,00	125,00	20,00	19,0
VI. Investimentos reais	666,00	698,00	32,00	4,8
VII. Transferencias de capital	596,00	546,00	-50,00	-8,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.262,00	1.244,00	-18,00	-1,4
T. GASTOS NON FINANCEIROS	8.391,00	8.435,00	44,00	0,5
VIII. Activos financeiros	140,00	147,00	7,00	5,0
IX. Pasivos financeiros	1.750,00	1.208,00	-542,00	-31,0
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	1.891,00	1.355,00	-536,00	-28,3
Total xunta	10.281,00	9.790,00	-491,00	-4,8

Fonte: proxecto de orzamentos 2015.

Se os 1.208 millóns destinados a amortizar débeda lle sumamos os gastos financeiros (capítulo III) derivados da mesma, o 16% do orzamento (1.544 millóns) vai destinado a estes dous capítulos., a pesar de que ambos descendieron sustancialmente con respecto ó ano anterior, no caso dos interese polo redución dos tipos de xuro.

Tan so 156 millóns do novo endebedamento se vai espallar polo nosa economía; aínda así a operacións de capital (que sería para o que se debería utilizar fundamentalmente o novo endebedamento, para inversión), descende en 17 millóns con respecto ó previsto no ano anterior; en 2014 foran 100 millóns menos , o anterior 160 millóns menos....son os capítulos máis castigados polos recortes da Xunta de Galicia, a pesar de medrar o endebedamento.

Dentro das operacións correntes, o capítulo máis importante é o de gastos de persoal , acapara o 34% do total do orzamento; para o ano 2015 prevese un medre do 0,4%. Os conceptos retributivos mantéñense nas mesmas contías que no ano 2014, e a taxa de reposición non pode superar o 50% e tan so en educación e sanidade.

O incremento débese basicamente a un “ truco contable”, ata este ano a dotación de crédito para as substitucións do persoal ao servizo da Administración de xustiza, non se incluían dentro dos créditos do capítulo I, a partir do 2015 si. Isto, xunto co incremento dos efectivos como consecuencia da implantación da LOMCE e de persoal de orientación laboral,xustifican o incremento, tal como se explica nos orzamentos. Pero non debemos esquecer que a consellería de educación, no ano 2014 sufrira unha redución de 16 millóns en gastos de persoal, polo que o incremento de 7millóns para 2015 non compensa nin a caída anterior.

Dentro das transferencias correntes, capítulo IV, a contía máis importante o a transferencia ó servizo Galego de Saúde.

Pero no que atinxe ós gastos, a distribución funcional permítenos apreciar con maior detalle o orzamento.

Distribución funcional do gasto. Millóns de euros.

Grupos de función	2014	2015	Variación	
			Absoluta	%
1. Servizos de carácter xeral	211,4	231,4	20,0	9,5
Alta dirección da CA	34,7	34,8	0,1	0,3
Administración xeral	55,0	63,4	8,4	15,3
Xustiza	110,2	114,1	3,9	3,5
Administración local	4,3	12,3	8,0	186,0
Normalización lingüística	7,0	6,7	-0,3	-4,3
Procesos eleitorais e órganos de representación política	0,0	33,5	33,5	
2. Protección civil e seguridade cidadá	19,5	33,5	14,0	71,8
Protección civil e seguridade	19,5	33,5	14,0	71,8

3. Protección e promoción social	752,3	768,4	16,1	2,1
Acción social e promoción social	565,2	571,2	6,0	1,1
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	182,9	193,1	10,2	5,6
Cooperación exterior	4,1	4,1	0,0	0,0
4.- Prod. de bens púb. de carácter social	5.654,3	5,678,9	24,5	0,4
Sanidade	3.397,0	3408,7	11,7	0,3
Educación	2.046,7	2048,2	1,5	0,1
Cultura	61,2	57,9	-3,3	-5,4
Deportes	18,2	18,5	0,3	1,6
Vivenda	32,5	41,3	8,8	27,1
Outros servizos comunitarios e sociais	98,5	104,1	5,6	5,7
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	748,3	762,7	14,4	1,9
Infraestruturas	268,8	264	-4,8	-1,8
Ordenación do territorio	17,2	16,3	-0,9	-5,2
Promoción de solo para actividades econ.	44,0	43,6	-0,4	-0,9
Actuacións ambientais	97,0	89,8	-7,2	-7,4
Actuacións e valorización do medio rural	115,0	137,1	22,1	19,2
Investigación, desenvolvemento e innovación	113,2	122,4	9,2	8,1
Sociedade da información e do coñecemento	88,6	85,6	-3,0	-3,4
Información estatística básica	4,1	3,9	-0,2	-4,9
6.-Regulación económica de carácter xeral	112,6	120,6	8,0	7,1
Actuacións económicas xerais	27,9	27,3	-0,6	-2,2
Actividades financeiras	84,6	93,2	8,6	10,2
7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial	594,0	561,9	-32,1	-5,4
Dinamización económica do medio rural	307,2	308,6	1,4	0,5
Pesca	78,4	53,8	-24,6	-31,4
Industria, enerxía e minería	38,2	39,8	1,6	4,2
Desenvolvemento empresarial	110,6	103,1	-7,5	-6,8
Comercio	15,5	13,4	-2,1	-13,5
Turismo	43,2	42,9	-0,3	-0,7
8.-Transferencias a entidades locais	117,4	117,4	0,0	0,0
Transferencias a entidades locais	117,4	117,4	0,0	0,0

9.-Débeda pública	2.071,1	1515,1	-556,0	-26,8
Débeda pública	2.071,1	1515,1	-556,0	-26,8
TOTAL	10.281,3	9790,3	-491,0	-4,8

Fonte: proxecto de orzamentos 2015.

O feito de amortizar 556 millóns de euros menos de débeda que no ao 2014, o grupo 9 do orzamento, **débeda pública**, convertese na que rexistra o maior descenso con respecto ó ano anterior concretamente dun 26,8%.

Este grupo , xunto co 7, **regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial**, son para os que se estiman descensos. No caso deste último, o descenso do gasto afecta a practicamente tódalas funcións, pero é a pesca a que experimenta a maior caída, do 31,3%, 24 millóns de euros menos. O descenso céntrase practicamente no programa de competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Os fondos do IGAPE mantéñense estables en torno ós 83 millóns de euros.

Continuando polo **grupo 1, actuación de carácter xeral**, o orzamento medra un 9,5% o incremento está moi repartido entre os distintos subgrupos: o aumento na administración xeral débese a unha obra nova por mandato a SPI (Sociedade Pública de Investimento de Galicia). Polo que respecta a administración local como novidade aparece recollidas dúas partidas destinados a conservación, reposición e restauración do medioambiente, unha como transferencia corrente e outra de capital, a suma das dúas explica o incremento do subgrupo.

No que atinxe á normalización linguística, un ano máis sofre un novo descenso.

O **grupo 2, protección civil e seguranza cidadá**, medra un 71,7% con respecto ó ano anterior, 14 millóns de euros máis, dentro deste grupo está incluído a loita contra incendios, que pasa de 5,8 millóns a 7,7 en 2015; practicamente todo o orzamento desta partida pasa a ser executado polos consorcios provincias contra incendios en detrimento dos comarcais.

Xunto cos axencia galega de emerxencias que pasa dun orzamento de 4,2 millóns en 2014 a 10,2 millóns en 2015, explícase a meirande parte do incremento deste grupo.

O **grupo 3, produción de bens públicos de carácter social**, destínanse 768 millóns de euros, 16 máis que no ano anterior; con este incremento simplemente se pon o mesmo nivel do ano 2013 logo do forte descenso do ano 2014, e lonxe dos orzamentos de anos anteriores cando as necesidades sociais eran moi inferiores as actuais.

Comezando polo subgrupo de promoción e acción social, increméntanse os fondos destinados ó mesmo un 1%; dentro deste, destacar o incremento dos fondos destinados á RISGA de 39 a 47 millóns de euros , que é o que explica a totalidade do medre; xa que se ben o programa de dependencia medra en 20 millóns de euros, o de atención a persoas maiores e con discapacidade

redúcese en 23 millóns; así, en conxunto o destinado a dependencia e discapacidade ten menos fondos, espexismo contable para dicir que si, pero no.

Dentro deste subgrupo está incluído tódolos programas que teñen que ver coa muller a a igualdade; neste caso, destacar o mantemento dos fondos destinados para a conciliación da vida laboral e persoal en torno a 1,2 millóns de euros; redúcense os fondos destinados a igualdade, protección e promoción da muller de 6,2 a 5,8 millóns (esta programa no ano 2009 tiña orzamentados 32 millóns de euros). Aumenta de 2,9 a 3,4 millóns o programa de protección e apoio as mulleres maltratadas.

A promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, en conxunto, vai recibir un 5,6% máis o que equivale a 10 millóns de euros, pasa de 182,9 a 193,1. A continuación amosamos as contías dos programas máis importantes e como evolucionaron nos últimos anos.

Programas. Millóns de euros

	2012	2013	2014	2015
Mellora e fomento da empregabilidade	99,0	40,0	37,6	50,7
Promoción do emprego autónomo	54,0	43,0	41,0	37,8
Formación profesional desempregados	98,9	72,0	68,3	68,2
Mellora da cualificación do emprego	32,4	6,6	6,6	6,0
Total	284,3	161,6	153,5	162,7

Como se ve, tan so medran, con respecto a 2014, os fondos destinados ó programa de mellora e fomento da empregabilidade; dentro deste programa o medre absórbeno practicamente as transferencias a corporacións locais para programas de fomento do emprego; claramente un propaganda electoral.

O resto dos programas deste grupo descenden con respecto ó ano 2014; o incremento simplemente sitúa o orzamento ó mesmo nivel que o ano 2013; si se comprara con anos anteriores o resultado é demoledor; 120 millóns menos que no ano 2012.

Estes datos amosan claramente o nula aposta polo emprego por parte da Xunta de Galicia, detrás da máscara dunha preocupación polo emprego, o único que se esconde é unha campaña do Partido Popular para gañar as eleccións municipais, xa que como dixemos anteriormente o único que medra deste grupo de gasto son as transferencias a corporacións locais .

Nin sequera se van incrementar os gastos en 20 millóns de euros que son os que se van recibir da Unión Europea para o Sistema de Garantía Xuvenil; é dicir, o esforzo da Xunta é menor.

Non debemos esquecer asemade que estes 20 millóns son apenas un 3% do que recibe o estado español para este fin, moi por debaixo do noso peso poboacional ; pero, claro, como os nosos mozos e mozas emigran temos as taxas de paro máis baixas e polo tanto dereito a menor contía dos fondos. Tremendo.

O grupo 4, produción de bens públicos de carácter económico, experimenta unha evolución moi desigual: para sanidade está previsto un 0,3% máis de fondos que en 2014, medre destinado integramente a atención especializada, o resto, incluído a atención primario, sofre lixeiros recortes.

Para educación, practicamente se mantén o orzamento, xa que a previsión de incremento de gastos é do 0,1%, dentro do programa si se producen cambios destacables: o único programa que rexistra un incremento apreciable é o de educación secundaria e formación profesional pasando de 659 a 671 millóns de euros; educación primaria, infantil e ESO sofre un recorte de 2%; outro 2% as ensinanzas universitarias; os servizos e axudas complementarias as ensinanzas reducen os seus fondo nun 1%; tamén a partida destinada á prevención do abandono escolar se reduce nun 1%.

Dentro deste grupo son os fondos destinadas a vivenda os que máis se incrementan, concretamente un 27,4%, todo o medre vai destinada a fomentar a rehabilitación e calidade das vivendas. O resto dos programas apenas sofren variacións.

Dentro do **grupo 5, produción de bens públicos de carácter económico,** que en conxunto medra nun 2%, todo o incremento vai destinado a actuación e valorización do medio rural e I+D +i; o resto dos programas continúan afectados polos recortes.

Dentro do **grupo 6,** os 8 millóns de euros nos que aumenta o programa de actividades financeiras vai destinado a imprevistos e funcións non clasificadas.

Resumindo, atopámonos ante uns orzamentos claramente electoralistas, practicamente o incremento do gasto non financeiro que experimentan estes orzamentos é transferido as corporación locais ben a través de transferencias (novas) destinadas á restauración do medio ambiente; ben a través do incremento dos fondos destinadas a promoción e fomento do emprego, xa que o medre que experimenta esta partida absórbeno totalmente as corporacións locais para programas de fomento do emprego.

Se on fora ano electoral non seríamos mal pensado, pero sendo o que se conclúe é que o único que lle preocupa ó partido Popular é gañar as eleccións municipais; no resto continúan coa política de recortes, vexamos senón as operacións de capital que ano tras ano se están recortando a pesar do do incremento do endebedamento., e xa van 6 anos de recortes.

O persoal ó servizo da administración un ano máis ve conxeladas as súas retribucións, os usuarios dos grandes servizos públicos (sanidade e educación), vemos como ano tras ano se están deteriorando, os fondos

destinados á dependencia medran pero no, o escenario macroeconómico que sustenta estes orzamentos é pouco crible.... i único claro é a pretensión do partido popular de gañar as eleccións municipais.

Vigo, 28 de outubro de 2015

Natividad López gromaz

Gabinete técnico confederal